



Concello de Cuntis

BANDO

D. MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS,

FAI SABER:

Que o 27 de agosto de 2019 ábrese o prazo de inscrición para anotarse no programa **Cuntilín Curso 2019/20**. Este prazo permanecerá aberto ata o 6 de setembro inclusive. O día 9 de setembro darase a coñecer o listado de admitidXs.

O Programa Cuntilín está destinado a menores en idade escolar e abarca o curso académico 2019/20, permanecendo aberto todos os días, dende o 11 de setembro de 2019 ao 19 de xuño de 2020, de luns a venres en horario de 15:30 a 20:30 nas instalacións do CPI Aurelio Marcelino Rey García, a excepción dos períodos vacacionais: Nadal, que cambia para horario de mañá, e Entroido e Semana Santa que queda suspendido.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis ou a través da Sede electrónica: <https://concellodecuntis.sedelectronica.gal>

Os impresos de solicitude, pódense recoller nas dependencias municipais ou descargar a través da páxina web do concello (<http://concellodecuntis.es>), ou a na propia Sede electrónica <https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/dossier.2> (“catálogo de trámites”).

PRAZAS LÍMITADAS